

Francisco Fernández Rei, *Dialectoloxía Galega*, Edicións Xerais de Galicia, Colección Universitaria, Vigo, 1990, 274 páxs.

A lingua vai cambiando temporalmente. Na etapa de aprendizaxe dunha lingua, cando somos nenos, hai determinados fenómenos (especialmente os fonéticos e morfolóxicos) da fala de nosos pais e de nosos avós, que nós non percibimos e que cambiamos ou omitimos, nun proceso de optimización da gramática. Estes cambios, na carreira dunha vida, son pouco perceptibles; acumulados durante séculos chegan a distanciar tanto o estadio B do estadio A que xa son dúas falas distintas. A velocidade a que se dan estes pasos é diferente dunhas áreas para outras (o francés do séc. XIII é xa unha lingua diferente do francés do séc. XVII, en cambio o castelán do séc. XIII segue sendo case a mesma lingua acabado o séc. XX); e tamén é distinto nunhas épocas ou noutras dentro de cada área (mudou moito máis a nosa fala entre o séc. IV e o séc. XIII ca entre o séc. XIII e o séc. XX). Estas diferencias de ritmo son debidas a factores demográficos e culturais: é lóxico que cando hai un choque de culturas (unha invasión, por ex.) os cambios sexan moito máis rápidos porque os procesos de optimización da gramática son moito máis drásticos. O que dicimos das linguas vale tamén para as variedades dialectais dun idioma.

Para que estes cambios sexan eficaces teñen que socializarse e a súa socialización depende do fita ou rara que sexa a rede da comunicación; dentro dunha área en que a comunicación é fluída un cambio difúndese sen dificultade; se a comunicación é escasa os cambios son máis limitados ou máis lentos. Polo xeral é a economía a que tece esta rede de relacións e unha economía rural como foi a nosa ata hai 20 anos era propicia para a aparición e perpetuación de variantes idiomáticas.

O libro de Fernández Rei presenta un retrato actual do que son estas variedades do galego especialmente no aspecto fonético e morfolóxico. Cos datos extraídos dos materiais do *Atlas Lingüístico Galego*, de monografías dialectais e de algúns estudos previos trazou a fronteira dos 81 fenómenos máis relevantes. No caso de coincidiren ou aproximárense varias fronteiras repartiu Galicia en bloques (de fenómenos moi xerais) e áreas (de trazos de extensión máis limitada).

Estes bloques e áreas, moi perceptibles sinópticamente nos 56 mapas que acompañan o texto, teñen a súa orixe naqueles procesos de optimización e deben a súa difusión e fronteiras (a partir de algún punto innovador) á fluidez dos contactos humanos.

O libro de Fernández Rei é fundamentalmente sincrónico e descritivo (excepto nos capítulos dedicados á gheada e ó seseo); isto quere dicir que o autor evita pruden-

temente contestar preguntas que nos asaltan e que son imposibles de responder por agora máis ca dunha maneira moi xenérica. Por exemplo, ¿por que a maioría das isoglosas van no sentido dos meridianos e non no dos paralelos (ou facendo illas) como ocorre cos dialectos portugueses? ¿Por que os fenómenos máis innovadores son máis abundantes na zona atlántica ca na interior e oriental? ¿Por que é dialectoloxicamente máis rico o dominio galego có portugués? Etc.

A estas preguntas pódese contestar de modo moi xeral. Por exemplo, o galego, no seu conxunto, é un dialecto latino constitutivo (fálase aquí desde a romanización) mentres que o portugués é un dialecto substitutivo (de reconquista) por iso aquí as variantes son máis e por iso alí as isoglosas van no sentido dos paralelos. A outras preguntas haberá que contestar de momento de modo máis xenérico aínda, apelando ás redes de comunicación, mentres que a historia social de Galicia non axude a aclaralo.

Á parte do estudio xeográfico descritivo, o libro de Fernández Rei contén un breve capítulo sobre a historiografía da dialectoloxía galega, dous estudos monográficos (un sobre a gheada e outro sobre o seseo) e unha bibliografía exhaustiva sobre a dialectoloxía galega.

A propósito da bibliografía, se o lector ten a paciencia de facer un listado dos traballos clasificándoos por anos poderá comprobar que os cerca de 80 títulos citados na década dos '70 supera con moito os publicados nos cen anos anteriores. Algúns daqueles títulos son ademais dunha enorme riqueza (os materiais inéditos do *ALGa*). Quizais por iso é só agora e non antes cando se podía facer unha dialectoloxía galega coma esta.

Cando se le un libro de dialectoloxía e se miran tantas fronteiras pode asaltar a un a dúbida se o falante do bloque A se sente identificado nun idioma común co do bloque B. A isto hai que responder que os libros de dialectoloxía están fundamentalmente atentos á variación e non ó común; porque realmente debaixo de tanta diferenza resaltada (ás veces mediante trazos de escasa rendibilidade na fala) hai un fondo que é de todos e nos identifica. Del ocúpase a gramática galega. O falante non lingüista, aínda que é consciente das diferencias entre a fala do seu lugar e a do veciño ou a do que está moitas leguas máis alá, sabe que teñen un código común. Unha lingua única, que vai de Navia a Tui e de Fisterra a Lubián.

Hoxe que a socialización da lingua se fai a través dunha aprendizaxe escolar e que as redes de comunicación son máis fluídas e eficaces ca nunca (TV etc.), os dialectos galegos acabarán sendo historia, como o son noutros sitios onde a sociedade rural tradicional foi liquidada hai tempo. A medida que se disolvan irá xurdindo ese galego de ningún e de todos á vez, estable e flexible, claro e elegante.

Filólogos, profesores de galego e curiosos de saber temos que lle agradecer á dilixente competencia de Fernández Rei este libro, feito no momento preciso.

A. SANTAMARINA